



## Concello de Touro

Nº DE CONTROL

### PROBA DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE CORRESPONDENTE Á OEP 2021.

1.- Conforme ao disposto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, serán motivados con sucinta referencia de feitos e fundamentos de derecho, os seguintes actos administrativos:

- a) Os actos, entre outros, que rexiten probas propostas polos interesados, ou que se separen do criterio seguido en actuacións procedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- b) Todos os actos dunha administración serán sempre motivados.
- c) Os actos administrativos gozan de presunción de validez e non necesitan polo tanto de motivación.
- d) Todas respostas son correctas.

2.- As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas:

- a) No momento da súa emisión.
- b) No momento no que se produza o acceso ao seu contido.
- c) No momento no que o interesado acredite a súa recepción.
- d) No prazo de dez días naturais desde a posta a disposición do interesado.

3.- A eficacia dos actos das Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo quedará demorada:

- a) Cando estea supeditada á súa notificación ou publicación.
- b) Todas as respostas son correctas.
- c) Cando o solicite o interesado no procedemento.
- d) Solo cando o esixa o contido do acto.

4.- Segundo a LPACAP, non é unha causa de inadmisión de recursos administrativos:

- a) Carecer de lexitimación o recorrente.
- b) O erro ou ausencia na cualificación do recurso.
- c) Ser incompetente o órgano administrativo.
- d) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.



## Concello de Touro

5.- Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, Como poderá a Administración revisar de oficio un acto anulable?

a) So previo ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma.

b) Xamais.

c) So si o solicitan expresamente os interesados.

**d) Previa declaración de lesividade para o interese público e posterior impugnación ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.**

6.- Segundo o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, son sistemas de selección dos funcionarios de carreira os seguintes.

a) En todo caso, a selección realizarase mediante a oposición ou concurso-oposición e respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade.

b) A oposición e, excepcionalmente, o de concurso - oposición

c) Ningunha resposta é correcta.

**d) A oposición, o concurso-oposición e, con carácter excepcional, o concurso.**

7.- Segundo o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os que desempeñen funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais son:

a) Funcionarios de carreira.

b) Funcionarios de carreira e funcionários interinos.

c) Funcionarios e persoal laboral.

**d) Empregados Públicos.**

8.- Deberán unirse ao presupuesto da Entidade Local como documentación:

a) Anexo de investimentos a realizar en 4 anos.

**b) Anexo de persoal da Entidade Local.**

c) Liquidación de presupuesto do exercicio anterior e avance do actual.

d) Todas as respostas son correctas.

9.- A acumulación de fases de execución do Presupuesto de Gastos nas Entidades Locais estará prevista en:

a) No Decreto previo do Sr. Alcalde/Presidente.

b) No propio estado de gastos do Presupuesto.

**c) Nas bases de execución do Presupuesto.**

d) Nos mandamentos de pago que se efectúen.



## Concello de Touro

10.- Na clasificación económica de gastos do orzamento das Entidades Locais non hai o seguinte capítulo:

- a) De transferencias correntes.
- b) De transferencias de capital.
- c) De activos financeiros.
- d) De alleamento de investimentos reais.**

11.- Segundo o disposto no artigo 3.1 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, son entidades locais territoriais:

- a) O municipio, a provincia e as comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- b) O Municipio, a Provincia e As Mancomunidades de Municipios.
- c) O Municipio, a Provincia e a Illa, nos arquipélagos balear e canario.**
- d) O Municipio, a Provincia e os consorcios.

12.- No Concello de Touro (poboación de menos de 5.000 habitantes) cal dos seguintes non é un servizo mínimo obligatorio?:

- a) Cemiterio.
- b) Prestación Servizos Sociais.**
- c) Acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- d) Limpeza viaria.

13.- O exercicio de competencias distintas das propias e as atribuídas por delegación por parte de entidades locais:

- a) Só se poderán exercer cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da legislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- b) Só se poderán exercer cando non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.
- c) Está condicionada á obtención dos informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.**



## Concello de Touro

14.- As certificacións de todos os actos, resolucións e acordos dos órganos de goberno das entidades locais, así como as copias e certificados dos libros e documentos que nas distintas dependencias existan, expediranse:

- a) Sempre polo secretario, salvo as que se emitan de maneira automatizada con sello de órgano.
- b) Expediranse por orde do presidente da Corporación e coa súa "visto e prace", para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no ejercicio do cargo e que a súa firma é auténtica.**
- c) Reintegraranse, en todo caso, conforme a respectiva Ordenanza de exacción.
- d) Todas as respuestas anteriores son correctas.

15.- As certificacións das resolucións e acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais, antes de ser aprobadas as actas que os conteñan, poderán expedirse:

- a) En calquera caso, sen maior trámite.
- b) Non poderán expedirse ata que se aproben as actas correspondentes.
- c) Poderán expedirse sempre que se faga a advertencia ou condición neste sentido e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.**
- d) Deberán expedirse nos seis primeiros días hábiles seguintes á súa data de aprobación.

16.- A cláusula residual de atribución de competencias entre órganos das corporacións locais, a teor do previsto no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, opera a favor de:

- a) O Pleno.
- b) O alcalde.**
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) A concellería delegada que corresponda.

17.- A tipificación de infraccións e sancións polas entidades locais en determinadas materias se re regula en:

- a) A Lei 39/2015, de 1 outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- d) O título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.**



## Concello de Touro

18.- Cales son os principios do exercicio da potestade sancionadora relacionados no capítulo III do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público?:

- a) Principios de legalidade, retroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade, prescripción e concorrencia de sancións ou non bis in idem.
- b) Principios de legalidade, irretroactividade, responsabilidade, proporcionalidade, prescripción e concorrencia de sancións ou non bis in idem.
- c) Principios de legalidade, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade e proporcionalidade.
- d) Principios de legalidade, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade, prescripción e concorrencia de sancións ou non bis in idem.**

19.- Cal é o prazo de prescripción das infraccións e sancións?

- a) En todo caso, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.
- b) En todo caso, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.
- c) As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescripción, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.**
- d) As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescripción, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

20.- Cal é a periodicidade mínima obligatoria na celebración de Plenos no Concello de Touro, á luz do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

- a) Unha vez cada tres meses.**
- b) Unha vez cada dous meses.
- c) Unha vez cada mes.
- d) Dúas veces ao mes.



## Concello de Touro

21.- De conformidade co disposto na lei 39/2015, de 1 de outubro, sinale cal de estas afirmacións é correcta:

- a) Aos efectos previstos na lei, terán capacidade de obrar en todo caso os grupos de afectados, as únions e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes.
- b) Son interesados no procedemento as asociacións e organizacións representativas de intereses económicas e sociais nos termos que a ordenanza municipal recoñeza.
- c) A falta de representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se aporte aquela ou se subsane dentro do prazo de cinco días que deberá conceder o órgano administrativo.
- d) Ningunha das respuestas é correcta.**

22.- Segundo o disposto no art. 14 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) Quen exerce unha actividade profesional para a que se requira colexiación obligatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas en exercicio de dita actividade profesional.
- c) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma que se determine regulamentariamente pola administración.
- d) Todas as respuestas son correctas.**

23.- Segundo o disposto no art. 11 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, será suficiente con que os interesados unicamente acrediten a súa identidade a través dos medios de identificación previstos na lei para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables.
- c) Interpor recursos.
- d) Todas as respuestas son incorrectas.**



## Concello de Touro

24.- Segundo o disposto no art. 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, os documentos que os interesados dirixan aos órganos das administracións públicas poderán presentarse:

- a) Nas oficinas de Correos, na forma que unha norma con rango de lei estableza.
- b) Nas representacións diplomática ou oficinas consulares de calquera país da Unión Europea no estranxeiro.

**c) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.**

- d) No rexistro electrónico de calquera corporación pública ou privada.

25.- Segundo o disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais:

- a) As corporacións locais únicamente están obrigadas a formar inventario dos seus bens inmóbiles, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.
- b) O Pleno do Concello será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario por maioría absoluta do número legal dos seus membros.
- c) A rectificación do Inventario verificarase cada dous anos.

**d) As respostas a) b) e c) son incorrectas.**

26.- O uso privativo dun ben de dominio público municipal:

- a) Está suxeito a declaración responsable.
- b) Está suxeito a licenza municipal.
- c) Está suxeito a concesión administrativa.**
- d) Está prohibido

27.- En relación co obxecto do contrato, o seu prezo e valor estimado:

- a) O órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse no expediente, salvo nos contratos de obras.
- b) Cando o órgano de contratación proceda á división en lotes do obxecto do contrato, poderá limitar o número de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta, así como limitar o número de lotes que poidan adjudicarse a cada licitador.**
- c) Por presuposto base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato poida comprometer o órgano de contratación excluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.
- d) Aos efectos previstos na lei, o valor estimado dos contratos de obras, suministros e servizos o órgano de contratación tomará o importe total, incluído o imposto sobre o valor engadido pagadeiro segundo as súas estimacións.



## Concello de Touro

28.- Os contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida da administración terán a consideración de:

- a) Contratos de subministración.
- b) Contratos de obra.
- c) Contratos de servizos.**
- d) Contratos mixtos.

29.- No que se refire ás normas específicas de contratación das corporacións locais elixa a resposta correcta:

- a) Poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no ejercicio seguinte ou aqueles cuxa financiación dependa dunha operación de tesourería ou subvención de outra entidade pública sometendo a adjudicación a condición resolutoria da consolidación dos recursos para a financiación do contrato correspondente.
- b) Nos contratos que teña por obxecto a adquisición de bens inmóbiles, o importe da adquisición poderá ser obxecto dun aprazamento de ata cinco anos, con suxección aos trámites previstos na normativa reguladora das facendas locais para compromisos de gastos futuros.
- c) Nos concellos de poboación inferior a 5.000 habitantes é competencia do Pleno por maioría absoluta autorizar a redacción e licitación de proxectos independentes relativos a cada unha das partes da obra cuxo período de execución exceda do presuposto dun anual, sempre que sexan susceptibles de utilización separada ou poidan ser substancialmente definidas.
- d) Ningunha das respuestas é correcta.**

30.- En contratación, a cantidade económica que se abona ao contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido, denominase:

- a) Orzamento do contrato.
- b) Valor estimado do contrato.
- c) Prezo do contrato**
- d) Importe final do contrato.



## Concello de Touro

31.- De conformidade co estipulado no artigo 19.4 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa:

- a) Con carácter ordinario, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- b) Con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razón de interese público , social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.**
- c) Con carácter extraordinario, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, culturais ou deportivas, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- d) Con carácter extraordinario, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, culturais ou deportivas, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

32.- Segundo a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Portal da Transparencia conterá información publicada de acordo coas prescricións técnicas, que se establezan regulamentariamente que deberán adecuarse aos seguintes principios:

- a) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.**
- b) Accesibilidade, interoperabilidade e prevención.
- c) Accesibilidade, interoperabilidade e universalidade.
- d) Accesibilidade, interoperabilidade e calidade.

33.- De conformidade co estipulado no artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o alcalde poderá plantear ao Pleno unha cuestión de confianza, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais, o regulamento orgánico, as ordenanzas e a aprobación que poña fin á tramitacións dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.
- b) Os orzamentos anuais, o regulamento orgánico, as ordenanzas fiscais e a aprobación que poña fin á tramitacións dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.**
- c) Os orzamentos anuais, o regulamento orgánico, as ordenanzas e a aprobación dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.
- d) Os orzamentos anuais, o inventario de bens, as ordenanzas fiscais e a aprobación que poña fin á tramitacións dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.



## Concello de Touro

34.- Os concelleiros que votasen a favor da aprobación dun asunto ao que vinculou unha cuestión de confianza non poderán asinar unha moción de censura contra o alcalde que a plantexou ata que transcorra un prazo de:

- a) Seis meses, contado a partir da data da votación do asunto.
- b) Tres meses, contado a partir da data da elección de alcalde.
- c) Seis meses, contado a partir da data da elección de alcalde.
- d) Dous meses, contado a partir da data da votación do asunto.

35.- As corporacións locais se constitúen en sesión pública:


- a) O vixésimo día posterior á celebración de eleccións, salvo que se interpuxera recurso contencioso-administrativo contra a proclamación dos concelleiros electos.
- b) O vixésimo día posterior á celebración de eleccións, salvo que se interpuxera recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos.**
- c) O trixésimo día posterior á celebración de eleccións, salvo que se interpuxera recurso contencioso-administrativo contra a proclamación dos concelleiros electos.
- d) O trixésimo día posterior á celebración de eleccións, salvo que se interpuxera recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos.

36.- Aos concellos de 5001 a 10000 habitantes correspóndenles:

- a) 13 concelleiros.**
- b) 11 concelleiros
- c) 15 concelleiros
- d) 9 concelleiros.

37.- Segundo o artigo 35 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o dereito da administración a recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá aos:

- a) 3 anos.
- b) 2 anos.
- c) 5 anos.
- d) 4 anos.**



Xosé Manuel Vázquez



## Concello de Touro

38.- Respecto ao dereito de acceso á información pública, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo sinala que inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

- a) Que se refiran a información que non estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- b) Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
- c) Dirixidas a un órgano en cuxo poder non obre a información cando se coñeza o competente.

**d) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo xustificado coa finalidade de transparencia desta Lei.**

39.- Segundo o artigo 12 da Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a tutela do derecho de igualdade entre homes e mulleres, acordo co establecido no artigo 53.2 da Constitución:

- a) Poderá ser recabada únicamente por vía administrativa.
- b) Poderá ser recabada dos tribunais por calqueira persoa.**
- c) Poderá ser recabada dos tribunais únicamente polas mulleres que sufran discriminación por razón de sexo.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

40.- De conformidade co estipulado no artigo 38 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será:

- a) De doce meses desde a data do acordo da iniciación.**
- b) De seis meses desde a data do acordo de iniciación.
- c) De doce meses desde a data da notificación do acordo de iniciación.
- d) De seis meses desde a data de notificación do acordo de iniciación.

41.- Sinala a resposta correcta:

- a) A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica plena, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado.
- b) A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica plena, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades dos municipios.
- c) A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades dos municipios.
- d) A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado.**



## Concello de Touro

42.- O Estado ten competencia exclusiva na seguinte materia:

- a) As bases do réxime xurídico das Administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán ós administrados un tratamento común perante elas; o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das Comunidades Autónomas; lexislación sobre expropiación forzosa; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e o sistema de responsabilidade de todas as Administracións públicas.
- b) As alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que correspondan á Administración do Estado sobre as Corporacións locais e cuxa transferencia autorice a lexislación sobre Réxime Local.
- c) A agricultura e gandeiría, de acordo coa ordenación xeral da economía.
- d) Todas son correctas.

43.- O número de membros do Parlamento de Galicia establecese:

- a) No Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) No regulamento do Parlamento de Galicia.
- c) **Por lei do Parlamento de Galicia.**
- d) Na Lei Orgánica do réxime electoral xeral.

44.- Respecto dos órganos administrativos sinale a resposta correcta:

- a) **As unidades administrativas a que se atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.**
- b) As unidades administrativas a que se atribúan funcións que teñan efectos xurídicos na propia entidade na que se integran ou fronte a terceiros.
- c) Son unidades administrativas que poden non ter atribuídas función e competencias.
- d) Os órganos administrativos poden crearse sen limitacións por cada Administración pública.



## Concello de Touro

45.- De acordo coa lei 40/2015, de cada sesión que celebre o órgano colexiado:

- a) O secretario levantará acta, que especificará necesariamente a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.
- b) O secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.
- c) O secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou e o contido dos acordos adoptados.
- d) O secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.**

46.- É motivo de abstención:


- a) O parentesco de consanguinidade ou de afinidade dentro do terceiro grao cos interesados.
- b) O parentesco de consanguinidade ou de afinidade dentro do cuarto grao cos interesados.
- c) O parentesco de consanguinidade ou de afinidade dentro do segundo grao cos interesados.
- d) O parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo cos interesados.**

47.- A aprobación do Regulamento orgánico propio da Corporación require:

- a) Maioría simple.
- b) Maioría absoluta do nº legal de membros da Corporación.**
- c) Maioría absoluta da xunta de governo local.
- d) Maioría absoluta dos membros presentes.

48.- A potestade normativa das Entidades Locais manifestarse a través de:

- a) Ordes de servizo.
- b) Acordos
- c) Ordenanzas e regulamentos.**
- d) Ordenanzas, regulamentos e bandos.





## Concello de Touro

49.- A reforma constitucional será sometida a refrendo para a súa ratificación:

- a) Sempre.
- b) Cando o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.**
- c) A reforma constitucional non se ratifica mediante refrendo.
- d) Cando o soliciten, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, unha décima parte dos membros de ambas Cámaras.

50.- O prazo de vixencia dos convenios:

- a) Debe ser de duración determinada.**
- b) Debe ser coincidente co principio de anualidade presupostaria.
- c) Pode prorrogarse sen limitacións sempre que se acorde antes da súa expiración.
- d) É coincidente co prazo de duración ata a consecución do fin común.



## Concello de Touro

### PREGUNTAS RESERVA.-

1.- En relación co procedemento simplificado sumario, previsto no art. 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público:

- a) Eximirase da garantía provisional e requirirse a constitución da garantía definitiva.
- b) Os criterios de adxudicación mediante xuízo de valor non poderán ter unha cuantificación superior ao 25%.
- c) A formalización do contrato será mediante a sinatura da acta da unidade técnica que proceda á valoración das ofertas.

**d) Ningunha das respostas é correcta.**

2.- É necesario o informe previo da Comisión Especial de Contas para a aprobación do Orzamento Municipal?

- a) Solo nos municipios suxeitos ao réxime común.
- b) Si, en todo caso.

**c) Non.**

- d) So nos municipios suxeitos ao réxime de gran poboación.

3.- A esixencia de responsabilidade patrimonial ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas prevista no articulo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coñécese como:

**a) Acción de repetición.**

- b) Acción de reivindicación.
- c) Acción pública.
- d) Acción de esixencia.

4.- Cando da xestión dimanante de fórmulas convixuntas de actuación entre administracións públicas se derive responsabilidade patrimonial, as administracións intervenientes responderán fronte ao particular:

- a) En todo caso de forma mancomunada.

**b) En todo caso de forma solidaria.**

- c) De forma solidaria e por orde de prelación xerárquica (primeiro responde a administración superior e logo a inferior).

- d) De forma solidaria e por orde inversa de prelación xerárquica (primeiro responde a administración inferior e logo a superior).

5.- O Estatuto de Autonomía de Galicia contén:

- a) Un preámbulo, un título preliminar e cinco títulos.

- b) Cincuenta e sete artigos.

- c) Catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias.

**d) Todas son correctas.**

